



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
ONCE DE MAIO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día once de maio de dous mil vinte e tres , baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13/04/2023).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000047)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000047 tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de fibra, tipo 8FVA de oito metros de altura Ref. 8346200 - 3632370. en Sarandón - Sarandón (San Miguel), nos termos da documentación técnica achegada de data 18/05/2022 e número de proxecto 8346200. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta da autorización emitida polo Servizo de vías e obras da Deputación Provincial de A Coruña, Expediente: 2022000051282, por afectar as actuacións á DP8901 - A GAIOSA - PTE DE SARANDON P.K. 3+530 marxe dereita, e conforme ás condicións técnicas e prevencións que se fixan na mesma e que deberán cumprirse.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.2.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000080)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000080 tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para substitución de 3 potes e 3 riostras. Ref. 8315028 – 3676317, en Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 18/10/2022 e número de proxecto 8315028. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta da resolución de data 23/12/2022 do Servizo de Protección e Fomento da Dirección Xeral e o Patrimonio Cultural autorizando as actuacións coa condición “.. de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 desta resolución”.

Dáse conta da autorización de data 11/04/2023 outorgada por Aguas de Galicia no expediente DH.W15.89024, na zona de policía do rego de Tomonde (idcurso: 100378576), na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, no concello de Vedra (A Coruña).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada polo técnico Sergio Alvarado Almenara.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.3.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2023/U026/000005)

Dáse conta do expediente municipal número 2023/U026/000005 tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de 8FVA-250 en vía pública. Ref. 8433047 - 3723511 en Castro, 4 - Ponte Ulla, nos termos da documentación técnica achegada de data 27/01/2023 e número de proxecto 8433047. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Manuel Rogelio Martínez Rodríguez en calidade de enxeñeiro en telecomunicacións.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.4.- Comunicación de obra de don José Manuel Rey Villaverde. (Expediente núm. 2023/U026/000015)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel Rey Villaverde para renovación da cuberta de edificación auxiliar, aproximadamente 66 m² en planta, consistente en renovar a tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001300100NH43E, emprazada en Pousada de Abaixo, 8 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e un euros con vinte e catro céntimos (#61,24#).

2.5.- Comunicación de obra de don Manuel Viqueira Fachal. (Expediente núm. 2023/U026/000021)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Viqueira Fachal para renovación da cuberta da vivenda consistente en retirar a existente e colocar nova tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001502900NH34B, emprazada en Paradela, 40 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (#86,52#).

2.6.- Comunicación de obra de Instalaciones Eléctricas Carballo, S.L. (Expediente núm. 2023/U026/000023)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Javier Vázquez Puga, en representación de Instalacións Eléctricas Carballo, S.L. para instalación de placas solares fotovoltaicas para unha potencia máxima de 9,1KW, implantaranse 20 paneis monocristalinos de 455Wp sobre cuberta da vivenda.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001300800NH43C, emprazada en Ribeira, 5 - Sarandón (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e cinco euros (#165,00#).

2.7.- Instancia de Eira Enxeñería e Consultoría. (Expediente núm. 2023/U018/000006)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para agrupamento e parcelamento de fincas para 11 parcelas resultantes, emprazadas en Nande - Sales (San Fins), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan Carlos Suárez Penas en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 21/04/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais N-2.

A vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 3, das parcelas resultantes V-1: 852,19 m² e V-2: 1,665,10 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

Así mesmo deberase realizar o desmorte ou recheo da zona de cesión destinada a vía municipal, que deberá quedar ao mesmo nivel cá vía, debendo permitir o paso de auga e debendo instalar tubos con sección suficiente nos puntos que sexa necesario.

2.8.- Instancia núm. 202299900000890 de Don Miguel Estévez Campos. (Expediente núm. 2022/U022/000030)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Marzán de Abaixo, 7 - Vedra (expediente núm.: 2022/U022/000030), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Juan José Esturao Pena e dona Ana Irisarri Vázquez, en calidade de arquitectos, coas seguintes características: altura: menor de 7 metros; coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta. Ocupación: inferior ao 40%; número de plantas: B+1, e un presuposto de execución material de 203.285,99 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 2264506NH4326N0001HR.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Juan José Esturao Pena e dona Ana Irisarri Vázquez de data 10/04/2023 e número de visado 2301852.

-Previo ao inicio das obras deberá aportar oficios de dirección de obra.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catro mil sesenta e cinco euros con setenta e dous céntimos (#4.065,72#)

2.9.- Comunicación de obra de dona M^a.del Pilar Agrelo Tallón. (Expediente núm. 2023/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona M^a del Pilar Agrelo Tallón para renovación de cuberta de vivenda substituíndo tellas, instalando caleiros e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



baixantes e revestimento SATE en fachadas, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Pablo García Villar en calidade de arquitecto técnico e de data 21/04/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001903300NH43F0001ZI, emprazada en Reboredo, 23 - Ponte Ulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección de espazos naturais R-6, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos trinta e nove euros con oitenta e tres céntimos (#339,83#).

2.10.- Instancia núm. 202200000001672 de don Olegario Fernández Moldes. (Expediente núm. 2022/U024/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras e actuacións de desmonte e nivelación de parcela para plantación de viñedo cun volume previsto de 2500 m³ en Cubelas -San Pedro de Sarandón (expediente núm.: 2022/U024/000003), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección de espazos naturais R-6”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Miguel Becerra Castro, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola 15/06/2022 e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50600351.

Dáse conta do informe emitido polo Servizo do Patrimonio Natural, con data do 02/03/2023, no expediente 0689/2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

2º.- As obras executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 15/06/2022. Deberase dar cumprimento ao contido do informe emitido polo Servizo do Patrimonio Natural que se anexará coa notificación do presente acordo.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos vinte e cinco euros (#225,00#)



2.11.- Comunicación de obra de don José Ramón Méndez Fuentes. (Expediente núm. 2023/U026/000011)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Ramón Méndez Fuentes para renovación da cuberta de edificación substituíndo a tella existente por uralita e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001100200NH43D, emprazada en Corbeixe, - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento setenta euros con noventa e catro céntimos (#170,94#).

2.12.- Comunicación de obra de Energía Innovación y desarrollo Fotovoltaico, S.A (Expediente número 2023/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Fernando Romero Martínez, en representación de Energía Innovación y Desarrollo Fotovoltaico, S.A para instalación solar fotovoltaica, sobre cuberta de edificación, composta por 21 módulos alcanzando una potencia pico total de 9,56 KWp, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don David Rodríguez Besada de data 18/04/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 2563207NH4326S, emprazada en Marzán de Abaixo, 4 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

1º.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

2º.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e oito euros con trinta e catro céntimos (#128,34#).

2.13.-Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2023/U026/000020)

Dáse conta do expediente municipal tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de cinco postes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



de fibra, tipo 8FVA, Ref. 8465341 - 3768423 en Caxaraville - Sarandón (San Miguel), nos termos da documentación técnica achegada de data 27/04/2023 e número de proxecto 8465341. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.14.- Instancia de don José Rodríguez García. (Expediente número 2022/U018/000010)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para parcelamento en A Ferreira – Sales (San Fins) en dúas parcelas resultantes, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 16/02/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos núcleos rurais N-1 De expansión dos núcleos rurais N-2; Rústico de especial protección agrícola R-2. Así mesmo sobre da mesma existe unha edificación catalogada polo vixente



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



PXOM e o parcelamento proposto conta con informe favorable emitido na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no expediente 1071/22.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado en dúas parcelas resultantes e unha parcela de cesión de terreos, emprazada no lugar de A Ferreira - Sales (San Fins) nos termos da documentación técnica achegada e do contido do informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.7, de 83,00 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debe achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.15.- Instancia núm. 202399900000385 de Aguardientes de Galicia, S.A. (Expediente número 2022/U022/000014)

Dáse conta da citada instancia na que don José Martí Ayxela en representación de Aguardientes de Galicia solicita cambio da denominación da licenza do expediente 2022/U022/000014.

Con data do 29/09/2022 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para nave para almacén de barricas de bebidas espirituosas en industria alimentaria en instalacións de Aguardientes de Galicia en Cubelas, 13 – Sarandón (San Pedro) nos termos da documentación técnica, proxecto básico, achegada para os efectos.

Solicítase agora o cambio de denominación do proxecto sen que supoña cambios nin na obra proxectada nin na actividade prevista e que virá recollido no proxecto de execución que se presente.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do cambio de denominación do proxecto autorizado no expediente 2022/U022/0000014 que pasa a denominarse “nave de almacenaxe e produción de viño de licor”.

3º.- Aprobación, se procede, da xustificación e pagamento das axudas concedidas para o estudo do concello de Vedra, modalidade ensino (lista de agarda). Curso 2022/2023.

Visto que con data 13 de abril a Xunta de Goberno Local aprobou a xustificación de gastos presentados polos/as beneficiarios das axudas para o estudo (modalidade ensino), lista de agarda, concedidas pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 16 de marzo.

Visto que na mesma sesión de acordo co establecido nas bases reguladoras da convocatoria, concedéronlle novas subvencións con cargo ao crédito sobrante (269,91 euros), publicándose o citado acordo na páxina web e no taboleiro electrónico (<https://sede.vedra.es>)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Visto que segundo o establecido na base undécima das bases reguladoras das axudas para o ensino do concello de Vedra. Curso escolar 2022/2023, o prazo de xustificación é o seguinte: “11.2. Concedida a axuda, a documentación xustificativa presentarse no prazo de 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do concello (<https://sede.vedra.es>) e na páxina web municipal (www.concellodevedra.com), por calquera dos medios establecidos na base 4ª”

Vistos os xustificantes presentados, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os seguintes gastos xustificados para as axudas ao estudo (modalidade ensino) en tempo e forma:

APELIDOS E NOME DO SOLICITANTE (PROXENITOR)	APELIDOS E NOME MENOR	EXP. TEDeC	CONTÍA AXUDA	IMPORTE GASTOS XUSTIFICADOS
NIETO BUELA, SOFIA	CALDELAS NIETO, JULIA	2022/A003/000023	4º INFANTL	269,91 €
NIETO BUELA, SOFIA	CALDELAS NIETO, GABRIEL	2022/A003/000024	4º PRIMARIA	
TOTAL				269,91 €

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pagamento das seguintes axudas ao estudo (Modalidade ensino) do Concello de Vedra do curso escolar 2022/2023:

APELIDOS E NOME DO SOLICITANTE (PROXENITOR)	APELIDOS E NOME MENOR	EXP. TEDeC	CONTÍA AXUDA	CONTIA A PAGAR
NIETO BUELA, SOFIA	CALDELAS NIETO, JULIA	2022/A003/000023	269,91 €	269,91 €
NIETO BUELA, SOFIA	CALDELAS NIETO, GABRIEL	2022/A003/000024		
TOTAL				269,91 €

Terceiro.- Que se proceda á publicación do presente acordo na páxina web municipal, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios da casa do Concello.

4º.- Ratificación de Resolución da Alcaldía de modificación de solicitude de transferencia finalista para o cofinancimento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o exercicio 2023.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 283/23, de data 21 de abril:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



“Asunto: Acordo de modificación de solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal exercicio 2023. Expediente: 2023/G003/000288

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 16/03/2023, ao abeiro do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar, acordou solicitar unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por importe de 421.845,00 euros:

- 1.1.- Persoal: 16.815,00 euros.
- 1.2.- Mantemento: 0,00 euros
- 1.3.- Axuda no fogar:
 - 1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 euros.
 - 1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 405.030,00 euros.
- 1.4.- Xestión de Programas: 0,00 euros.
- 1.5 - Investimento: 0,00 euros.

Visto que a solicitude se cursou con data 20 de marzo.

Visto o acordo de ampliación de prazo de presentación de solicitudes (DOG núm. 63/23, do 30 de marzo) e outras directrices remitidas pola citada consellería para a solicitude deste exercicio 2023.

Dado que o novo prazo remata o día 30 de abril, en función das competencias que me outorga a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e dado que sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo de solicitude de transferencia do seguinte xeito:

- 1.1.- Persoal: 30.287,00 euros.
- 1.2.- Mantemento: 0,00 euros
- 1.3.- Axuda no fogar:
 - 1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 euros.
 - 1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 405.030,00 euros.
- 1.4.- Xestión de Programas: 0,00 euros.
- 1.5 - Investimento: 0,00 euros.

SEGUNDO.- Cursar unha nova solicitude cos novos importes.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de abril:

DECRETO	DATA	ASUNTO
230	03/04/2023	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo da vivenda núm. 10 de Gatente –San Andrés de Trobe
231	03/04/2023	Inicio expediente de modificación do contrato de saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 2/2021) (Exp. 2023/C008/000001)
232	03/04/2023	Aprobación reintegro importe non xustificado da subvención para a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, por importe de 526,63 euros
233	03/04/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés do mes de abril
234	03/04/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga , modalidade madrugadores, do mes de abril
235	04/04/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, do mes de abril
236	04/04/2023	Contratación de Manuel Gestoso Filloy durante cinco meses como tractorista (Convocatoria selección de persoal laboral temporal do ano 2020)
237	04/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
238	04/04/2023	Ampliación intensidade SAF-Libre concorrencia de AVN
239	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Coordinador/a de cultura</i> (Exp. 2022/E001/000008)
240	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Axente de turismo e medio ambiente</i> (Exp. 2022/E001/000009)
241	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización de dúas prazas de <i>Monitor/a de ludoteca</i> (Exp. 2022/E001/000010)
242	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Encargado/a de Protección Civil , mantemento de espazos naturais e outros</i> (Exp. 2022/E001/000011)
243	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Conserxe e servizos varios</i> (Exp. 2022/E001/000013)
244	10/04/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o Club Escolas Deportivas de Vedra, prevista no orzamento de 2023
245	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización de dúas prazas de <i>Operario/a de brigada verde e servizos varios</i> (Exp. 2022/E001/000014)
246	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Operario/a de RSU</i> (Exp. 2022/E001/000015)
247	10/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Condutor/a Operario/a de maquinaria e servizos</i> (Exp. 2022/E001/000017)
248	11/04/2023	Aprobación bases e convocatoria selección persoal (Programa PEL – Concellos 2023 da Deputación Provincial)
249	12/04/2023	Acordo de solicitude de subvención para a promoción da lingua galega 2023
250	12/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
251	12/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Limpador/a</i> (Exp. 2022/E001/000012)
252	12/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Operario/a de servizos varios (augas)</i> (Exp. 2022/E001/000016)
253	12/04/2023	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas e designación de tribunal proceso de estabilización dunha praza de <i>Albanel Oficial de 2ª</i> (Exp. 2022/E001/000018)
254	13/04/2023	Concesión e pagamento de axudas de emerxencia social a LGC



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



255	13/04/2023	Desestimando período de vacacións de monitora de ludoteca
256	13/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
257	13/04/2023	Aprobación solicitude de subvención para o fomento de emprego e mellora de empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para 2023
258	13/04/2023	Convocatoria tribunal para a valoración de méritos do proceso selectivo para a estabilización da praza de Axente de emprego e desenvolvemento local (Expediente 2022/E001/000005)
259	14/04/2023	Convocatoria tribunal para a valoración de méritos do proceso selectivo para a estabilización da praza de Arquitecto/a técnico/a (Expediente 2022/E001/000006)
260	14/04/2023	Convocatoria tribunal para a valoración de méritos do proceso selectivo para a estabilización da praza de Educador/a familiar (Expediente 2022/E001/000007)
261	14/04/2023	Autorización á Asociación de Festexos Populares de San Miguel para rutas con motivo da festa do viño
262	14/04/2023	Autorización acometidas á rede de abastecemento de auga e saneamento da vivenda núm. 66 de Paradela – San Xián de Sales
263	14/04/2023	Alta na rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 31 baixo de Eiravedra – Santa Cruz de Ribadulla
264	14/04/2023	Alta na rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 24 de Paradela – San Xián de Sales
265	14/04/2023	Alta na rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 5 de Marzán de Abaixo – Vedra
266	14/04/2023	Alta na rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 9 de Galegos – Santa Cruz de Ribadulla
267	14/04/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
268	17/04/2023	Aprobación modificación nº 1 do proxecto de Saneamento en Santa Cruz (POS +Adicional 2/2022) (Exp. 2023/C008/000001)
269	17/04/2023	Baixas de oficio no padrón municipal de habitantes
270	17/04/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo da EIM (concepto comedor e material) correspondente á mensualidade de marzo
271	17/04/2023	Aprobación Plan de seguridade e saúde da obra de Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros (POS + Adicional 2/2022)
272	18/04/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso do posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente ao mes de abril
273	18/04/2023	Adxudicación praza programa Conxuga, curso 2022/2023 a MSM
274	18/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
275	18/04/2023	Inicio expediente de contratación da subministración de materiais para as acometidas á rede de abastecemento de auga, zona centro (Pousada, Trobe e Feal) (Exp. 2023/C002/000020)
276	18/04/2023	Aprobación proxecto emendado da obra de Ampliación abastecemento a San Miguel de Sarandón (POS +2023. Complementario)
277	19/04/2023	Aprobación baixa de liquidación e rectificación de datos por erro material na taxa de recollida de lixo, exercicio 2021, do inmovible sito no núm. 31 2º dereita de Galegos – Santa Cruz de Ribadulla
278	19/04/2023	Cumprimento trienios persoal municipal
279	19/04/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Cultural do Ensino da Arte da Música (Escola de música de Santa Cruz de Ribadulla do concello de Vedra), prevista no orzamento municipal
280	19/04/2023	Aprobación expediente de contratación da obra de Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros (POS +Adicional 2/2021 (Exp. 2023/C003/0000003)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



281	19/04/2023	Aprobación listaxe provisional de admitidos/excluídos na EIM, curso 2023/2024
282	20/04/2023	Baixa e alta de liquidación e rectificación por erro material na taxa de recollida de lixo, exercicio 2021, do inmovible sito en galegos núm. 31-2º dereita - Santa Cruz de Ribadulla
283	21/04/2023	Modificación de solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o exercicio 2023, ratificada nesta sesión (punto 4º).
284	21/04/2023	Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2023 para a aplicación ao orzamento de 2023 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados a prestación varias por importe de 58.081,92 euros
285	21/04/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
286	24/04/2023	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 1º trimestre de 2023
287	24/04/2023	Aprobación das indemnizacións por asistencias aos concelleiros/as correspondentes ao 1º trimestre de 2023
288	24/04/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias na relación de facturas F2023.7 por importe de 30.775,64 euros
289	25/04/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Galega de axudas aos enfermos con demencia tipo alzhéimer (AGADEA) prevista no orzamento de 2023
290	25/04/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Escola de Música de Vedra prevista no orzamento de 2023
291	25/04/2023	Quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 1º trimestre de 2023
292	25/04/2023	Aprobación nóminas correspondentes ao mes de abril
293	25/04/2023	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos do 1º trimestre de 2023
294	26/04/2023	Solicitude de subvención á Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a reforma da piscina municipal (Orde do 31.03.2023)
295	27/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
296	27/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
297	27/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
298	27/04/2023	Concesión tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade a RVP
299	27/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
300	27/04/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
301	28/04/2023	Para que se requira limpeza de parcela en Sales-San Fins de Sales
302	28/04/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Cultural San Campio prevista no orzamento de 2023
303	28/04/2023	Expediente limpeza de parcelas (antigo Círculo Mercantil)
304	28/04/2023	Baixas de oficio no padrón municipal de habitantes por inclusión indebida
305	28/04/2023	Aprobación modificación de créditos 3/2023, por xeración vinculada ás contraprestacións económicas segundo convenio interadministrativo entre o concello de Vedra e o concello de Val do Dubra para a realización de tarefas de xestión económica
306	28/04/2023	Aprobación modificación de créditos 2/2023 por xeración vinculada á subvención concedida para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal correspondente á anualidade 2023
307	28/04/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento incluídos na relación de facturas F2023.8 por importe de 8.674,54 euros



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.